



Expte: 2019/X999/000145

Alejandro Rodríguez Freire, arquitecto técnico municipal do concello de Lousame,

ANTECEDENTES:

Solicitado pola Alcaldía deste Concello para dar cumprimento ó trámite sinalado no artigo 144.6 do DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no tocante á existencia da existencia de informe técnico sobre a conformidade da modificación do PXOM ca lexislación vixente,

INFORMO:

Que a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM do Concello de Lousame é conforme coa lexislación vixente.

Deixo ó criterio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda a corrección do documento no tocante ó cumprimento das condicións tipolóxicas das edificacións nos núcleos rurais conforme ó artigo 38.1 do Regulamento da LSG e ós criterios de aceptación das propostas que se presenten no tocante ó cumprimento das tipoloxías conforme ó artigo 124 de dito Regulamento.

E para que así conste a os efectos oportunos e salvo mellor xuízo asino o presente informe en Lousame, a 15 de xullo de 2020.

Asdo: Alejandro Rodríguez Freire

Arquitecto técnico municipal



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Por este Concello expónse a conveniencia de promover a elaboración e posterior aprobación dunha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal:

Tipo de instrumento:	Plan Xeral de Ordenación Municipal
Obxecto:	<i>Modificación puntual núm. 1 do PXOM do Concello de Lousame: modificación de varias cuestións normativas.</i>
Causas:	<i>O obxecto do presente documento é a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Lousame, co obxecto de aclarar certos aspectos normativos insuficientemente desenvolvidos no PXOM, así como adaptar outros á lexislación vixente.</i> <i>Respecto do PXOM actual compre indicar que a pesar de ter resultado un instrumento axeitado para a ordenación urbanística do termo municipal durante estes 14 últimos anos de vixencia, certos acontecementos recentes, así como a inxente normativa xurdida dende a súa aprobación, aconsellan acometer modificacións puntuais das ordenanzas de cara a solventar as lagoas legais nas que se atopa unha parte do articulado do documento.</i>

Á vista do anterior, **DISPOÑO:**

Que pola Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, con carácter previo á súa aprobación inicial polo Pleno Corporativo.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

INFORME Ó RESPECTO DOS INFORMES SECTORIAIS A SOLICITAR NO PERÍODO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DE LOUSAME.

Por parte do Concello de Lousame estase a tramitar a modificación puntual do PXOM aprobado con data de decembro de 2004.

Segundo o disposto na lexislación do solo vixente, a tramitación da modificación puntual acomodarse ó previsto para o planeamento de carácter xeral.

Así, na fase de exposición ó público serán solicitados os informes sectoriais que resulten preceptivos.

Segundo o disposto no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, *“O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable”*

Con esta disposición dáse cobertura á solicitude da totalidade dos informes sectoriais que dependan da administración autonómica.

A maiores destes informes serán necesarios cantos outros sexan necesarios en función da lexislación reguladora dos organismos supramunicipais que teñen presenza ou influencia no termo municipal.

Dentro do ámbito estatal será necesario recabar os seguintes informes sectoriais:

- 1.- Informe da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información, Secretaría de Estado para el Avance Dixital do Ministerio de Economía y Empresa, por motivo de lexislación sectorial relacionada coas telecomunicacións.
- 2.- Informe da Delegación do Goberno.
- 3.- Informe da Delegación de Facenda.

Dentro do ámbito provincial será necesario informe da Deputación Provincial da Coruña

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2020

Isidro López Yáñez

Arquitecto

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

INFORME Ó RESPECTO DA DETERMINACIÓN DOS ÁMBITOS SUXEITOS A SUSPENSIÓN DE LICENZAS MOTIVADO POLA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DE LOUSAME.

Por parte do Concello de Lousame estase a tramitar a modificación puntual do PXOM aprobado con data de decembro de 2004.

Segundo o disposto 47 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, *“o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. Para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión”*.

A modificación que se pretende levar a cabo consiste unicamente na revisión de certos preceptos normativos, e non leva aparellada afectación de ningún ámbito superficial propiamente dito.

A finalidade da suspensión de licenzas deriva da necesidade de non acometer actuacións que inviabilicen a posterior execución do novo documento de planeamento que se está a tramitar.

A concesión de licenzas ó amparo da normativa vixente non terá repercusión sobre a modificación puntual que se está a tramitar, e non levará aparellada ningunha imposibilidade de levar a aprobación definitiva a modificación puntual nos termos que se está aprobando inicialmente.

Tendo en conta estas cuestión estímase a aprobación inicial non deberá afectar a ningún ámbito no que se teña que suspender o outorgamento de licenzas ó que se refire o artigo 47 da mencionada Lei 2/2016.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2020

Isidro López Yáñez

Arquitecto



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

Expediente: 2019/X999/000145

Asunto: Modificación núm. 1 do PXOM do Concello de Lousame: "modificación de varias cuestións normativas"

Cumprimentando a Providencia da Alcaldía que consta no expediente electrónico 2019/X999/000145, en relación co preceptuado no artigo 174 do ROF e artigo 3 do RD 128/2018, do 16 de marzo, emítese informe en base aos extremos que se deducen dos seguintes:

ANTECEDENTES:

1. Documento incorporado ao expediente electrónico o día 06/11/2019 denominado: *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas: Avance da modificación puntual do PXOM.*
2. Documento incorporado ao expediente electrónico o día 06/11/2019 denominado: *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas: documento ambiental estratéxico.*
3. Oficio da Alcaldía do día 06/11/2019 dirixido á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Na aplicación do artigo 60 da LSG, o Concello de Lousame traslada ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica e un borrador co contido necesario para a súa análise urbanística, así como o documento ambiental estratéxico.
4. Documento xustificativo da remisión dos tres documentos anteriores á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do SIR (*Sistema de Intercambio Rexistral*), o día 06/11/2019.
5. A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental comunica o día 08/11/2019 á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) a posta a disposición do borrador e do documento ambiental estratéxico, co obxecto de sometelo a consultas, na aplicación do artigo 60 da LSG. No cumprimento do citado requirimento a AXI, o día 10/12/2019 emite informe denominado "*Informe resposta na fase de consultas do procedemento de avaliación ambiental estratéxica*", onde emite as observacións e suxestións que considera oportunas en relación aos posibles efectos ambientais significativos da modificación que se pretende acometer.
6. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), por resolución do día 08/11/2019, someteu a modificación puntual núm. 1 do PXOM de Lousame a consultas da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU). No cumprimento do citado requirimento, a DXOTU emite informe o día 09/01/2020 sobre as razóns de interese público que motivan a modificación, así como a análise das modificacións propostas.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), con data de 08/11/2019, somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET), o borrador e o documento ambiental estratéxico da modificación puntual núm. 1 do PXOM de Lousame, no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. O IET asume as competencias en materia de paisaxe, que se exercen, de acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. No cumprimento do citado requirimento, o IET emite informe o día 27.02.2020, sinalando que a modificación proposta non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendacións expresadas no devandito informe.
8. Resolución do 28.02.2020 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC) pola que se formula o *informe ambiental estratéxico* da Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas. Resólvese non someter a modificación proposta ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente.
9. Oficio da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), do 02.03.2020, remitindo ao Concello de Lousame o *informe ambiental estratéxico*.
10. O 16.03.2020 sae publicado no DOG o informe ambiental estratéxico relativo á modificación puntual plantexada.
11. Documento denominado *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas*, do día 23.06.2020, redactado polo técnico José Isidro López Yáñez, co obxecto de ser sometido á aprobación inicial por parte do Concello de Lousame.
12. Informe do Arquitecto Técnico Municipal, do día 15.07.2020, sinalando a conformidade da modificación plantexada coa lexislación urbanística.
13. Providencia da Alcaldía, solicitando a emisión deste informe.
14. Informe do técnico redactor da modificación puntual, do 23.07.2020 sinalando os informes sectoriais que deben ser solicitados no período de información pública.
15. Informe do técnico redactor da modificación puntual, do 23.07.2020 xustificando a non suspensión de licenzas ao abeiro do artigo 47 da LSG.

Corresponde á Secretaria e Interventora informar, expoñendo os antecedentes e disposicións legais e regulamentarias nas que funden o seu criterio. En cumprimento deste deber emítese o seguinte informe que versará sobre os seguintes aspectos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento para aprobar a modificación puntual nº 1 do PXOM
- Aplicación do artigo 133 da LPAC



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

INFORME

Primeiro: Lexislación Aplicable.

... que xustifica a emisión deste Informe:

- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, de Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

... aplicable ao expediente analizado:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro (RLSG)
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.
- Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado por Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Segundo: A avaliación ambiental estratéxica

O artigo 46 da LSG preceptúa:

"1. Serán objeto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria los siguientes instrumentos de planeamiento urbanístico, así como sus modificaciones:

- a) El Plan básico autonómico.*
- b) Los planes generales de ordenación municipal.*
- c) Los planes que requieran una evaluación por afectar de modo apreciable a espacios de la Red Natura 2000, en los términos previstos en su legislación reguladora.*
- d) Los comprendidos en el apartado siguiente, cuando así lo decida el órgano ambiental en el informe ambiental estratégico o cuando así lo solicite el promotor.*

*2. Serán objeto de **evaluación ambiental estratéxica simplificada** los siguientes instrumentos de planeamiento urbanístico:*

- a) **Las modificaciones menores de los instrumentos de planeamiento mencionados en el apartado anterior.***
- b) El planeamiento de desarrollo, por establecer el uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.*
- c) Los demás planes que, estableciendo un marco para la autorización en el futuro de proyectos, no encajen en los supuestos del apartado anterior, tales como los planes básicos municipales."*



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O artigo 60 da LSG ocúpase de regular o procedemento para a aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), que por analoxía, tamén se aplica para a súa modificación. Neste artigo indícase:

"2. Iniciada la fase de formulación del planeamiento general, se redactará un borrador del plan y un documento inicial estratégico, con el contenido establecido en la legislación vigente.

3. El ayuntamiento promotor del plan trasladará la solicitud de inicio de la evaluación ambiental estratégica, un borrador del plan con el contenido necesario para su análisis urbanístico y el documento inicial estratégico al órgano ambiental, el cual comprobará, en el plazo máximo de un mes, que los mismos incluyen los documentos exigibles, solicitando, en su defecto, que se aporten los documentos preceptivos.

4. El órgano ambiental someterá esa documentación a las consultas del órgano competente en materia de urbanismo, de las demás administraciones públicas afectadas y de las personas interesadas, que se pronunciarán en el plazo máximo de dos meses. Transcurrido este plazo, el procedimiento continuará en los términos establecidos en la legislación vigente.

Realizadas las consultas, el órgano ambiental, en el plazo de dos meses a contar desde el efectivo cumplimiento de los trámites anteriores y la recepción de la documentación completa, formulará el documento de alcance del estudio ambiental estratégico, que, como mínimo, incluirá todas aquellas administraciones públicas que hayan de emitir informe sectorial de conformidad con la legislación aplicable.

Polo tanto, a LSG integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Segundo o artigo 46.2.a) da LSG, as modificacións menores dos PXOM deben someterse ao procedemento de *avaliación ambiental estratéxica simplificada*.

Sen embargo a integración da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental non é completa na LSG. Así para a regulación do procedemento da *avaliación ambiental estratéxica simplificada* debemos acudir aos artigos 29 a 32 da Lei 21/2013, do 9 de decembro. En concreto, o artigo 31 da citada Lei sinala:

"2. El órgano ambiental, teniendo en cuenta el resultado de las consultas realizadas y de conformidad con los criterios establecidos en el anexo V, resolverá mediante la emisión del informe ambiental estratégico, que podrá determinar que:

a) El plan o programa debe someterse a una evaluación ambiental estratégica ordinaria porque puedan tener efectos significativos sobre el medio ambiente. En este caso el órgano ambiental elaborará el documento de alcance del estudio ambiental estratégico, teniendo en cuenta el resultado de las consultas realizadas de acuerdo con lo establecido en el artículo 30, y no será preciso realizar las consultas reguladas en el artículo 19.

Esta decisión se notificará al promotor junto con el documento de alcance y el resultado de las consultas realizadas para que elabore el estudio ambiental estratégico y continúe con la tramitación prevista en los artículos 21 y siguientes.

b) El plan o programa no tiene efectos significativos sobre el medio ambiente, en los términos establecidos en el informe ambiental estratégico."



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

No expediente administrativo consta:

- 1) Oficio da Alcaldía do 06/11/2019 remitindo o borrador da modificación proposta o documento ambiental estratéxico e solicitando o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada (artigo 60.2, 60.3 e 46.2 da LSG)
- 2) O 08.11.2019 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC) iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico por un prazo de 2 meses, facendo públicos os documentos na súa sede electrónica. Ao mesmo tempo, consultouse á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e a outras AAPP (artigo 60.4 da LSG).
- 3) No período de consultas previas recibíronse suxestións de: 1) Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo; 2) Instituto de Estudos do Territorio; e 3) Axencia Galega de Infraestruturas. Estas suxestións deberán integrarse na proposta de modificación, e por iso remite os textos íntegros das mesmas.

Tamén se recibiu informe da: a) Dirección Xeral de Mobilidade; e b) Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, que non fan observacións á proposta.

- 4) Realizadas as consultas, o órgano ambiental (DXCACC) emite Resolución, con data do 28.02.2020, no que resolve: **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria** a modificación puntual nº 1 do PXOM de Lousame. Non obstante, para minimizar posibles efectos ambientais, integrárase no planeamento a determinación que se indica na proposta transcrita na resolución.
- 5) Este informe ambiental estratéxico farase público no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería (<https://cmatv.xunta.gal>). A publicación tivo lugar no DOG do 16.03.2020

Así pois, a xuízo desta funcionaria, quedou culminada a fase de avaliación ambiental estratéxica da modificación núm. 1 do PXOM do Concello de Lousame.

Terceiro: Procedemento para a aprobación da modificación puntual

O artigo 83 da LSG regula a modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico do seguinte xeito:

“Artículo 83. Modificación de los instrumentos de planeamiento urbanístico.

1. Cualquier modificación del planeamiento urbanístico habrá de fundamentarse en razones de interés público debidamente justificadas.

2. La **alteración** del contenido de los instrumentos de planeamiento urbanístico podrá llevarse a cabo mediante la revisión de ellos o **mediante la modificación** de alguno de sus elementos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Se entende por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto a la estructura xeral y orgánica do territorio ou a clasificación do solo, motivada por a elección de un modelo territorial distinto, por a aparición de circunstancias sobrevenidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou o agotamento de su capacidade.

4. En los demás supuestos, la alteración de las determinaciones do plan **se considerará como modificación do mesmo**, aun cuando dicha alteración implicase cambios en la clasificación, la calificación do solo ou a delimitación do ámbito de los polígonos.

5. La revisión do planeamento y las **modificaciónes** de cualquiera de sus elementos **se sujetarán a las mismas disposiciónes enunciadas para su tramitación y aprobación**.

6. En el caso de las modificaciónes do planeamento xeral que tengan por obxecto la delimitación do solo de núcleo rural de acordo con lo establecido en el artículo 23, se tramitarán seguindo el procedimiento establecido en el artículo 78 de la presente ley."

O obxecto da modificación é aclarar certos aspectos normativos insuficientemente desenvolvidos no PXOM, así como adaptar outros á lexislación vixente. Segundo o informe emitido pola Dirección Xeral da Ordenación do Territorio e Urbanismo, do día 09.01.2020, o dito obxecto pode ser acollido como razón de interese público para a modificación da normativa do plan; dando así cumprimento ao artigo 83.1 da LSG.

O artigo 60 da LSG e 144 do RLSG ocúpense de establecer o procedemento para a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Este artigo está pensado para aqueles instrumentos de planeamento que están sometidos a unha *avaliación ambiental estratéxica ordinaria*.

Así, unha vez iniciada a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, o órgano ambiental disporía dun prazo máximo de 2 meses para formular e trasladar ao Concello o *documento de alcance do estudo ambiental estratéxico*. Neste *documento* o órgano ambiental debe incluír todas aquelas Administracións que deban emitir informe sectorial de conformidade coa lexislación aplicable. Recibido este documento, o Concello debería elaborar un *estudo ambiental estratéxico* no que se identificarían e avaliarían os posibles efectos significativos no medio ambiente da aplicación dese planeamento. Este *estudo ambiental estratéxico* sería parte integrante do Plan. E do mesmo xeito, deberían solicitarse ás Administracións sectoriais competentes os informes que indicou o órgano ambiental no *documento de alcance do estudo ambiental estratéxico*.

Sen embargo, como a modificación puntual núm. 1 do PXOM non está sometida ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria (por así resolvelo o órgano ambiental -DXCACC-), os trámites anteriores non son de aplicación ao procedemento administrativo que nos ocupa.

Os trámites seguintes serían os seguintes:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. Emisión previa de informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente.

Consta no expediente informe do Arquitecto Técnico Municipal, do día 15.07.2020, sinalando a conformidade da modificación plantexada coa lexislación urbanística.

A emisión do informe xurídico, cumpriméntase co presente.

2. O Concello debe proceder, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, á aprobación inicial da modificación puntual nº 1 do PXOM do Concello de Lousame. O órgano competente para a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, por aplicación do artigo 22.2.c) da LRBRL que sinala:

"2. Corresponden, en todo caso, al Pleno municipal en los Ayuntamientos (...) las siguientes atribuciones:

c) La aprobación inicial del planeamiento general (...)"

A adopción deste acordo require o voto favorable da maioría absoluta dos membros, da Corporación, por aplicación do artigo 47.2.II) da LRBRL que preceptúa:

"2. Se requiere el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de las corporaciones para la adopción de acuerdos en las siguientes materias:

II) Los acuerdos que corresponda adoptar a la corporación en la tramitación de los instrumentos de planeamiento general previstos en la legislación urbanística."

3. Posteriormente, someterase a modificación a información pública durante un prazo de 2 meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Do mesmo xeito, estará a disposición na sede electrónica do Concello de Lousame.
4. O Concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia, que dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de 3 meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable. Cumprimentados os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo, remitirá ao Concello o seu resultado, podendo continuarse o procedemento.
5. O Concello deberá solicitar, no momento que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente. Se algún destes informes sectoriais é discrepante, e á vez, é vinculante, deberá



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

modificarse obrigatoriamente o proxecto. Se non son vinculantes, a Corporación, debe pronunciarse sobre os mesmos.

Recórdase que, tras a aprobación inicial, a modificación deberá someterse a informe técnico do IET (así se sinala expresamente no seu informe de data de 27.02.2020)

O redactor da modificación, o día 23.07.2020 emite informe técnico sobre os informes sectoriais que haberá que solicitar neste trámite.

6. Por aplicación do artigo 25.7 do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado por Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, en todo caso, na tramitación dos instrumentos de ordenación urbanística deberá asegurase o trámite de audiencia ás Administracións Públicas afectadas.
7. Ademais, no cumprimento do artigo 189 da LPAP, sen prexuízo das publicacións preceptivas, a aprobación inicial, provisional e definitiva dos instrumentos de planeamento urbanístico que afecten a bens de titularidade pública deberán notificarse á Administración titular dos mesmos. Cando se trate de bens de titularidade da AXE, a notificación efectuarase ao Delegado de Economía e Facenda da provincia onde radique o ben.
8. Sin perjuicio de las publicaciones que fueren preceptivas, la aprobación inicial, la provisional y la definitiva de instrumentos de planeamiento urbanístico que afecten a bienes de titularidad pública deberán notificarse a la Administración titular de los mismos. Cuando se trate de bienes de titularidad de la Administración General del Estado, la notificación se efectuará al Delegado de Economía y Hacienda de la provincia en que radique el bien
9. Concluída a información pública, os servizos técnicos municipais e os responsables técnicos do equipo redactor estudarán as alegacións que poidan presentarse no trámite de información pública e emitirán informe sobre as mesmas, así como respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.
10. O Concello, unha vez transcorrido o período de consultas e de información pública, procederá á aprobación provisional da modificación puntual núm. 1 do PXOM do Concello de Lousame. O órgano competente, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, é o Pleno Corporativo, por maioría absoluta do seu número legal de membros.
11. Aprobada provisionalmente a modificación puntual nº 1, o Concello debe sometela, co expediente completo debidamente dilixenciado, á Consellería Competente en Urbanismo, para a súa aprobación definitiva. Segundo o artigo 61 da LSG, corresponde á persoa titular da Consellería competente en materia



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

de urbanismo a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos Concellos que contén unha poboación igual ou inferior a 50.000 habitantes, como é o caso do Concello de Lousame.

12. A dita Consellería, no prazo de 1 mes, examinará a integridade da modificación pretendida. De apreciarse algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Até o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva do documento.
13. A Consellería, no prazo de 3 meses, adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:
 - a. Aprobar definitivamente a modificación, nos termos en que se formula.
 - b. Aprobar definitivamente a modificación, coas condicións determinadas que se estimen necesarias para emendar as deficiencias que presente o documentos. Neste suposto, de ser necesario, procederase conforme ao sinalado no artigo 62 da LSG e 147 do RLSG.
 - c. Aprobar parcialmente o documento, cando as deficiencias afecten a áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, a modificación poida aplicarse con coherencia. A parte obxecto de reparo quedará en suspenso até a súa rectificación, resultando de aplicación nesas áreas o réxime contemplado no artigo 89 da LSG e 204 da LSG.
 - d. Non outorgar a aprobación definitiva.
14. A modificación entenderase aprobada definitivamente se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan contivese os documentos e determinacións preceptivos.
15. Como os Plans son disposicións de carácter xeral, a súa aprobación definitiva non poderá recorrerse en vía administrativa, senón tan só a través do correspondente recurso contencioso-administrativo, nos termos previstos na Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa.
16. A Consellería publicará o acordo de aprobación definitiva no prazo de un mes dende a súa adopción no *Diario Oficial de Galicia*. Do mesmo xeito, publicarase o documento que conteña a normativa e ordenanzas no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como sinala o artigo 82 da LSG. A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan aprobado quedan condicionadas ao cumprimento desta publicación.
17. Finalmente procederase á súa incorporación ao *Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia* en virtude do disposto no artigo 88 da LSG.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Tamén cómpre salientar que o artigo 47 da LSG sinala que o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naquelles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. Para estes efectos debe determinarse expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

Consta no expediente, informe do 23.07.2020 emitido polo técnico redactor da modificación puntual, no que sinala expresamente:

“a concesión de licenza ó amparo da normativa vixente non terá repercusión sobre a modificación puntual que se está a tramitar, e non levará aparellada ningunha imposibilidade de levar a aprobación definitiva a modificación puntual nos termos que se está aprobando inicialmente. Tendo en conta estas cuestións, estímase a aprobación inicial non deberá afectar a ningún ámbito no que se teña que suspender o outorgamento de licenzas ó que se refire o artigo 47 da mencionada Lei 2/2016”

Cuarto: Análise da aplicación do artigo 133 da LPAC

A Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común no seu artigo 133 sinala:

“1. Con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de reglamento, se sustanciará una consulta pública, a través del portal web de la Administración competente en la que se recabará la opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectados por la futura norma acerca de:

- a) Los problemas que se pretenden solucionar con la iniciativa.*
- b) La necesidad y oportunidad de su aprobación.*
- c) Los objetivos de la norma.*
- d) Las posibles soluciones alternativas regulatorias y no regulatorias.*

2. Sin perjuicio de la consulta previa a la redacción del texto de la iniciativa, cuando la norma afecte a los derechos e intereses legítimos de las personas, el centro directivo competente publicará el texto en el portal web correspondiente, con el objeto de dar audiencia a los ciudadanos afectados y recabar cuantas aportaciones adicionales puedan hacerse por otras personas o entidades. Asimismo, podrá también recabarse directamente la opinión de las organizaciones o asociaciones reconocidas por ley que agrupen o representen a las personas cuyos derechos o intereses legítimos se vieren afectados por la norma y cuyos fines guarden relación directa con su objeto.

3. La consulta, audiencia e información públicas reguladas en este artículo deberán realizarse de forma tal que los potenciales destinatarios de la norma y quienes realicen aportaciones sobre ella tengan la posibilidad de emitir su opinión, para lo cual deberán ponerse a su disposición los documentos necesarios, que serán claros, concisos y reunir toda la información precisa para poder pronunciarse sobre la materia.

4. Podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurran razones graves de interés público que lo justifiquen.

Cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero. Si la normativa reguladora del ejercicio de la iniciativa legislativa o de la potestad reglamentaria por una Administración prevé la tramitación urgente de estos procedimientos, la eventual excepción del trámite por esta circunstancia se ajustará a lo previsto en aquella.”

Os instrumentos de planeamento urbanístico (e as súas modificacións) teñen unha natureza eminentemente normativa, sendo equiparables a unha ordenanza ou regulamento. Por isto, hai quen entende que a súa aprobación está suxeita aos trámites de consulta previa, audiencia e información regulados na LPAC; xa que esta Lei non excluíu expresamente a súa aplicación á materia urbanística.

